

## O FEIXE DE GRELOS

A miña tía ten unha horta, pola parte de Lavadores, na que sementa grelos que logo vende no mercado do Berbés.

O outro día estiven axudando a recoller os grelos e facer os feixes. Tiña uns cordeis, todos da mesma lonxitude, cos que iamos atando os feixes, mentres que falabamos da boa colleita, do mal tempo e doutras moitas cousas; ás veces, eu paraba a repoñer forzas cun pouco de auga e unhas lascas de xamón que ela dispuxera enriba dunha artesa. A miña “axuda” saíalle bastante cara.

- Tía, estes grelos téñenche moi boa pinta – díxenlle eu, tanto por botarlle un piropo coma por lle agradecer o convite.
- Ai fillo, ti ben sabes que mellores non os hai – axiña aceptou ella, toda chea de razón-. Non é porque sexan meus, pero haiche moita xente que di que son máis ricos cós de Santiago.
- E a como vendes o feixe?
- Véndoos a dez pesos, pero case que todos os clientes levan dous ou tres feixes.
- Mira tía, pois logo estou a pensar que, se cadra, tenche conta coller cordeis do dobre de longo e vender os feixes a vinte pesos. Aolomenos aforrabamos tempo. Que che parece? - propúxenlle eu, como quen vén de ter unha idea xenial.

Ela atopábase de costas a min, polo que non lle puideren ver a faciana. Tranquilamente rematou de atar o feixe que tiña entre as mans e, volvéndose cara a min, que casualmente naquel momento estaba coa cunca de auga nunha man e cun chisco de xamón na outra, díxome pousadamente:

- Pois mira, ho! No tocante ao de aforrar tempo, eun non che teño présa e mesmo parece que ti tampouco teñas moita. E polo outro: ti me dirás!

**Que dis ti?**